



MARÍA JESÚS RODRÍGUEZ FREIRE, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO AS NEVES (PONTEVEDRA),

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 21 de xaneiro de 2020, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“ 4. Expediente de contratación da obra denominada “Aforro e eficiencia enerxética no alumado público nas zonas de Tortoreos (As Pías, Reguengo, Chan, Liñares e Redondelo) e As Neves Bruñeiras (Expediente número 722/2019)”

Vista a Resolución de Alcaldía número 2019-0348, de 17 de outubro de 2019, de aprobación do expediente de contratación número 722/2019, da obra denominada “AFORRO DE E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE TORTOREOS (AS PÍAS, REGUENGO, CHAN, LIÑARES E REDONDELO) E AS NEVES BRUÑEIRAS”, mediante procedemento aberto simplificado, tendo por obxecto este contrato realizar nas instalacións de alumado público do Concello As Neves as actuacións precisas có fin de conseguir unha redución do seu consumo de enerxía final a das emisións de CO2, mediante a mellora da súa eficiencia enerxética.

Vista a seguinte proposta de Secretaría:

“ PROPOSTA DE SECRETARÍA

ANTECEDENTES

Visto que por Decreto da Alcaldía número 2019-0348 de data 17/10/2019 aprobouse o presente expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto que SETGA SLU presentou Recurso de Reposición fronte o Decreto da Alcaldía número 2019-0348 de data 17/10/2019 de aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do proceso de contratación en curso.

Visto Decreto da Alcaldía número 2019-0375 de data 07/11/2019 no que se resolve acordar a suspensión do presente procedemento en tanto en canto non se proceda a resolver sobre o citado recurso de reposición.

Visto Decreto da Alcaldía número 2019-0408 de data 12/12/2019 no que se resolve estimar parcialmente o recurso potestativo interposto pola entidade SETGA SLU, declarando a nulidade das cláusulas 9.3, 9.5 e 9.6 nos aspectos que se detallan no corpo desa resolución.



En virtude do exposto, esta secretaría eleva a seguinte proposta de acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. *Acorda-la reanudación do presente procedemento de licitación.*

SEGUNDO. *Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía número 2019-0348 de data 17/10/2019 por mor dos antecedentes expostos.*

TERCEIRO. *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para a obra denominada AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE TORTOREOS (AS PIAS, REGUENGO, CHAN, LIÑARES E REDONDO) E AS NEVES BRUÑEIRAS, convocando a súa licitación.*

CUARTO. *Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado tendo en conta a estimación parcial do recurso potestativo de reposición.*

QUINTO. *Aprobar o gasto por importe de 100.551,10 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 165.619 do vixente orzamento.*

SEXTO. *Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesourería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*

SÉTIMO. *Nomear a D. David Pujales Lorenzo, Ingeniero Industrial, Director Facultativo e Coordinador de Seguridade e Saúde da presente obra.*

OITAVO. *Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público.*

NOVENO. *Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.*

DÉCIMO. *Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil do contratante:*

- *Presidente: MARCELINO COUTO MARTINEZ, ou quen legalmente o substitúa.*
- *Secretario: CONCEPCION E. SOLANO DE EYTO, ou quen legalmente o substitúa.*
- *Vogal: MARIA JESÚS RODRIGUEZ FREIRE (Secretaria-Interventora), ou quen legalmente o substitúa.”*

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a devandita proposta nos termos detallados na mesma”





Concello
As Neves

E para que así conste e xurda os efectos que proceda, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, asino e expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, na Casa Consistorial da Vila das Neves, na data sinalada á marxe deste documento, asinado electronicamente.

